

Asunto: Informe sobre Parque Eólico Serra do Colmo

Promotor: Enel Green Power España, S.L.

Situación: Concellos de Becerreá e Baralla (Lugo)

Expediente: IN408A 2020/086

1 ANTECEDENTES

Con data 30/09/2022 recíbese na ÁREA DE OBRAS E MANTENIMIENTO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA a solicitude de informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental do parque Eólico Serra do Colmo, dentro das competencias da mesma e de acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; nos artigos 127.1 e 131.1 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normativa vixente de aplicación.

O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, facilitou a este organismo acceso á seguinte documentación:

- Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra do Colmo (Asinado 28/03/2022).
- Representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico en formato shapefile.

O Estudo de Impacto Ambiental presentado polo promotor inclúe un anexo específico, "Anexo XII: Análisis de Afección al Turismo", no que se describen os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona, se establecen medidas preventivas, correctoras e compensatorias e se definen os controles a desenvolver dentro dun programa de vixilancia da afección turística na fase de construcción e explotación.

En base a esta documentación redáctase o presente informe, en relación coa posible incidencia do proxecto sobre os valores turísticos da zona.

**TURISMO DE GALICIA
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela
turismo.gal**





2 DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Proxéctase a construción dun parque eólico formado por 6 aeroxeradores Siemens Gamesa SG155 de 102,55m. de altura de buxe, 155 metros de diámetro de rotor (altura total 180,05m.) e unha potencia nominal unitaria de 5,80 MW (5 aeroxeneradores) e 6,00 MW (1 aeroxenerador), o que supón unha potencia total de parque de 35,00 MW. As coordenadas dos aeroxeradores proxectados son as seguintes:

Id	Aeroxerador	UTM X ETRS89	UTM Y ETRS89	Concello
1	SC01	647.089	4.749.503	Becerreá
2	SC02	647.309	4.749.111	Becerreá
3	SC03	645.983	4.748.248	Becerreá
4	SC04	645.840	4.747.564	Baralla
5	SC05	646.644	4.746.882	Becerreá
6	SC06	646.537	4.747.176	Becerreá

O proxecto inclúe tamén a obra civil necesaria para a instalación dos aeroxeradores (plataformas, cimentacións e unha zona de acopio de materiais durante a fase de obras), así como e a construcción dunha torre meteorolóxica e unha subestación transformadora. Para dar servizo ao Parque Eólico Serra do Colmo, está prevista a execución de 10.739,8 m de viais novos e a acondicionar, ademais de camiños existentes. A lonxitude das gabias proxectadas é de 7.265,84 m, segundo consta no estudo de impacto ambiental presentado.

3 DESCRICIÓN DA CONTORNA

O turismo é un sector estratégico para o futuro de Galicia, fundamental no noso desenvolvemento social e económico, e na xeración de emprego e benestar para as familias galegas.

O sector turístico da zona afectada baséase fundamentalmente nos valores naturais do entorno, as súas paisaxes e o patrimonio etnográfico, destacando as paisaxes características da Serra do Courel e os Ancares.

Trátase dun turismo sen masificar, de proximidade, que atrae fundamentalmente turistas nacionais para estancias curtas, con pequenos aloxamentos de turismo rural e que conta con grandes recursos ao aire libre vencellados á natureza e ao patrimonio cultural, ou á gastronomía de producto.

Os seus atributos como destino están asociados á sustentabilidade, á paisaxe e á tranquilidade, con atributos referenciais de calidade (paisaxe-natureza, cultura-patrimonio, gastronomía,...), vencellados aos novos valores poscriste COVID 19, como seguridade, saúde, confianza, etc.

Facendo unha análise da documentación presentada, *a priori* as principais interferencias que a instalación deste parque eólico e a súa liña de evacuación poderían xerar sobre o





desenvolvemento turístico da zona serían as derivadas do impacto visual do proxecto, o incremento dos niveis acústicos e as molestias por sombras parpadeantes na contorna más inmediata dos aeroxeradores proxectados. Un dos parámetros determinantes na valoración do impacto sobre estes factores é a distancia entre as instalacións do parque eólico proxectado e os elementos de interese turístico. Por ese motivo, previamente á valoración destes efectos, compre identificar os potenciais receptores presentes no entorno.

3.1 Elementos de interese turístico no entorno do parque

A unha distancia de 10 km das infraestruturas do parque eólico localízanse os seguintes elementos de interese dende o punto de vista do patrimonio natural, cultural e paisaxístico:

3.1.1 Elementos de interese turístico: patrimonio natural e biodiversidade

O parque eólico Serra do Colmo non afectaría directamente a ningún lugar incluído na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. Non obstante, nun radio de 10 km arredor do parque, atopamos os seguintes espazos baixo algúna figura de protección:

- ZEC Cruzul-Agüeira (ES1120007)
- ZEC Os Ancares-O Courel (ES1120001)

As infraestruturas do parque eólico estarían dentro das áreas delimitadas coma:

- Área prioritaria e zona de protección de avifauna, segundo a Resolución de 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reproducción, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

3.1.2 Elementos de interese turístico: patrimonio cultural e etnográfico

O Visor de Turismo de Galicia recolle os seguintes puntos de interese turístico cultural e de actividades de lecer a menos de 10 km das infraestruturas do parque:

Denominación	Concello
CASA-TORRE DE BASILLE	Baralla
CRUZUL-AGÜEIRA	Becerrea
IGREXA DE SAN COSME DE OUSELLE	Becerrea
IGREXA DE SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerrea
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTÍN DE NEIRA DE REI	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE BERSELOS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE PACIOS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CEDRÓN	Láncara
IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE COVAS	Baralla
IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ	As Nogais
PAZO DE ARANZA	Baralla
PAZO DE ESPIÑA	Baralla





Denominación	Concello
PAZO DE LÁNCARA	Láncara
PAZO DE SÁA O DE CEDRÓN	Láncara
PAZO DE VILAMEIXE	Baralla
PONTE DE COVAS	Baralla
SANTA MARÍA DE PENAMAIOR	Becerreá
TORRE DE PIÑEIRA	Baralla

Dentro dos 10 km estudiados atópase os seguintes **Bens de Interese Cultural (BIC)**:

- Torre de Neira ou Torre Vella
- Igrexa de Santa María de Penamaior
- Fortaleza de Torés
- Igrexa de Santo André das Nogais

O más próximo, a Igrexa de Santa María de Penamaior, sitúase dentro da poligonal do parque eólico, entre dous aeroxeradores e a uns 500 metros das posicións más próximas.

Neste entorno, o Plan Básico recolle 355 elementos protexidos, entre os que hai numerosos hórreos e fontes, e construcións de orixe relixioso, coma igrexas, capelas e cruceiros, así como un interesante legado megalítico (mámoas, medorras), castros e xacementos de orixe romana.

Ademais da información recollida nos visores de Turismo de Galicia, o Plan Básico Autonómico e o Catálogo das Paisaxe de Galicia, localizáronse a partir das páxinas de información turística dos concellos afectados outros elementos ou puntos de interese turístico no entorno como:

- As festas de San Vitoiro
- Romaría Popular na Pena do Pico
- Festa da Virxe das Dores en Fonte do Lobo en agosto
- Ponte dos Mazos
- Ponte das Covas
- Ponte da Senra
- Casa Torre de Basille
- Pazo da Condomiña
- Palacio de Espiña
- Torre de Lamas de Mazaille
- Casa grande de Vilanova
- Festa Popular en Cruzul
- Ruta de Becerreá a Piornedo
- Ponte do demo
- Ruta da Serra de Calamouco





3.1.3 Camiño de Santiago

O parque sitúase entre o Camiño Norte Interior polo norte e o Camiño Francés polo sur, situados a máis de 15 e 11 km respectivamente das posicións do parque.

3.1.4 Elementos de interese turístico: paisaxe

No entorno do parque eólico Serra do Colmo, nun radio de 10 km, atopamos os seguintes elementos de interese turístico:

3.1.4.1 Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP)

- AEIP_01_11 Cruzul-Agüeira, dentro del radio de 3 km.
- AEIP_01_10 Río Navia

3.1.4.2 Miradoiros:

- Miradoiro de Pena Maior
- Miradoiro de A Media-Triacastela

3.1.4.3 Rutas de sendeirismo, cicloturísticas e itinerarios paisaxísticos:

- Itinerario natural Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá), que se encontraría afectado directamente e coincidiría nalgún tramo cos viales que prestan servizo ás infraestruturas do parque.
- Itinerario patrimonial Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal)
- Itinerario natural Torallo - Torallo (Ribeira do Navia)
- Itinerario panorámico de A Proba de Navia e As Pontes de Gatín
- PR-G 159 Sendeiro Quintá - Río Donsal

3.2 Establecementos turísticos

No Anexo XII do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Serra do Colmo, inclúese un listado con 162 establecementos hoteleiros e restaurantes próximos e realiza unha análise do impacto visual do proxecto sobre eles nun radio de 20 km.

Analizado o visor da Axencia de Turismo de Galicia (www.turismo.gal), nun radio de 10 km atópanse os seguintes establecementos hoteleiros:

Denominación	Concello
APARTAMENTOS HERBON	Becerreá
A CASA BOUZA	Becerreá
CASA DE LÁNCARA	Láncara
CASA LEJO	Baralla
CASA POY	Becerreá
CASA TECELÁN	Triacastela





O CARRO	As Nogais
O MUÍNO	As Nogais
O VILARPUENTEIRO	Baralla
PENSIÓN R. HERBÓN	Becerreá
PONTES DE GATÍN	Becerreá
RIVERA	Becerreá

O máis próximo ás posicións de parque é Casa Bouza, a uns 2,6km ó norte. Casa Poy, e Apartamentos e Pensión Herbón distan uns 2 km da posición prevista para a subestación.

3.3 Presenza doutros parques eólicos

Outro factor determinante á hora de avaliar o impacto que a execución deste parque eólico podería xerar sobre a contorna é a presenza de máis aeroxeradores nos arredores, posto que a asociación de máis dun parque eólico podería dar lugar á aparición de efectos sinérxiscos e acumulativos.

Segundo consta no Rexistro Eólico de Galicia, actualmente nun radio de 5 km arredor do parque eólico Serra do Colmo atópanse un parques eólico en funcionamento ou autorizado (parque eólico Serra do Punago); dous parques sen evacuación (Montelora e Pena do Pico); ademais doutros 3 parques eólicos en diferentes fases de tramitación administrativa (Chao do Marco, Serra de Piñeira e Serra do Furco).

4 ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN APORTADA, DOS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE O TURISMO E DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS

O Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Serra do Colmo (Versión Marzo 2022. Asinado 28/03/2022) inclúe un estudo específico sobre o impacto do proxecto sobre o turismo (Anexo XII). Neste estudo describense os potenciais impactos sobre os elementos con valor turístico da zona e defínense as medidas protectoras e correctoras a implantar.

O estudo realiza sobre unha contorna de 20km ó redor do parque, diferenciando entre 3 umbrais de visibilidade: 0-3.500m; 3.500 a 10.000 e entre 10.000 e 20.000 metros de distancia.

De acordo co estudo aportado, a afección visual do Camiño de Santiago Norte Interior e Camiño Francés sería de 5,45 e 3,81 km, o que supón respectivamente.

En canto aos espazos naturais protexidos, A ZEC Ancares – Coruel, a ZEPA Ancares e a ZEC Cruzul-Agüeira terían tamén un impacto visual a pesar da distancia que os separa do parque.

En canto aos 9 AEIPs que analiza o estudo, dos 6 afectados, os que máis impacto sufrirían serían o AEIP Os Ancares e o AEIP Cruzul-Agüeira por ser os más próximos. Non se fai referencia ó AEIP Río Navia.





Respecto aos BICs da zona, dos 17 analizados, 5 encontraríanse dentro da conca visual, mentres que o resto de elementos non catalogados non se verían moi afectados debido ás infraestruturas xa existentes e vexetación circundante, de acordo ó estudio. Dos 5, só a Igrexa de Santa María de Penamaior sitúase a menos de 10 km do parque eólico.

En canto aos sendeiros e rutas analizadas, 2 dos 4 sendeiros analizados estarían afectados pola visibilidade do parque. Mentre que no caso dos miradoiros, dos 8 analizados, serían visible en 3: Pena Maior e 2 máis situados a máis de 10 km: Cárcere e Miradoiro da Pedreira 2.

O parque sería visible dende 52 dos 162 establecementos hoteleiros localizados a menos de 20 km. A maioría dos establecementos estarían situados a máis de 10 km. A menos de 10 km será visible en Casa Lejo, O Vilarpunteiro e Rivera.

En relación co incremento do nivel acústico asociado á construcción e funcionamento do parque eólico, preséntase un estudio preoperacional para determinar os niveis de ruído existentes actualmente na zona de estudo, de cara a establecer o nivel de referencia para avaliar a incidencia do parque eólico sobre os niveis acústicos da zona. A campaña preoperacional levouse a cabo o 27-28 de setembro de 2020 en 5 núcleos poboacionais próximos (Prados, Acebo, Touzón, Ferreira e Cabo). Os niveis de presión sonora obtidos cumpren cos límites establecidos para o sector residencial no Real Decreto 137/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

Para determinar o impacto acústico do parque eólico na fase de funcionamento, apórtase unha simulación do incremento do nivel sonoro nos puntos de control referidos anteriormente. No "Escenario Operacional" analízase o efecto individual do parque eólico. Os resultados obtidos prevén o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica establecidos polo Real Decreto 137/2007 nos núcleos poboacionais tomados como referencia.

No que respecta á aparición de efecto sombra parpadeante, no *Anexo X do Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Serra do Colmo (versión marzo 2022)*, inclúese un estudio de parpadeo de sombras no que se analiza o efecto individual do parque eólico Serra do Colmo.

Neste caso os valores de referencia serán os establecidos no documento "*Alcance do estudo de impacto ambiental de parques eólicos. Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022*":

- Escenario peor: 30 horas/ano (luz de forma continuada, ceos permanentemente despexados, rotación continuada das palas e posición do rotor perpendicular á incidencia da luz solar).
- Escenario real: 8 horas/ano (considéransen as condicións atmosféricas habituais).

Sen embargo, a data de redacción do estudo de *flickering* do presente EIA , dito documento non fora publicado. Polo que establecéronse os seguintes umbrales en función da bibliografía consultada:

- 30 horas/ano ou 30 minutos/día de flickering teórico
- 12 horas/ano ou 30minutos/día de caso real





No estudo elaborado co programa WINDPRO aportado polo promotor, no que se seleccionan 22 núcleos de poboación e un total de 587 potenciais edificios receptores, conclúese o seguinte:

Efecto individual do parque eólico Serra do Colmo: Tras a modelización feita, identifícanse 4 edificacións correspondentes á localidade de O Cabo para as que se supera o umbral de 30 h/ano no caso real. E tras as visitas de campo e análise individual de cada vivenda concluíuse que únicamente dúas de elles poderían ser afectadas.

Non se avalía os posibles efectos sinérxicos sobre o turismo derivados da implantación de varias infraestruturas eólicas no mesmo entorno. No estudo de sinerxias do EsIA asúmese que o impacto acumulativo débese únicamente ó impacto paisaxístico, remitindo ó Estudo de Impacto e integración Paisaxística, no que non se avalía tampouco este aspecto.

4.1 Medidas preventivas, correctoras e compensatorias propostas

O Anexo XII do Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Serra do Colmo inclúe unha serie de medidas preventivas e correctoras para mitigar o posible impacto da infraestrutura no sector turístico da contorna, entre as que se atopan as seguintes:

Durante a fase de deseño y construcción:

- Emplearanse cores pouco chamativas no acabado dos aeroxeneradores (blanco grisáceo para a torre e as pás), o que os fai menos chamativos na paisaxe e, polo tanto, diminúe seu impacto visual, mellorando, desta maneira, a súa integración no entorno.
- A utilización de aeroxeneradores de 5,8 MW de potencia e un de 6 MW permite obter os 35 MW de potencia instalada, coo que diminúe o efecto barreira na paisaxe.
- Planificaranse e delimitaranse as áreas de actuación para evitar a afección ás zonas non definidas polo proxecto.
- O proxecto do Parque Eólico contempla a utilización de viales preexistentes minimizando a apertura de novos viales, o que supón menores afeccións paisaxísticas derivadas da creación de taludes, desmontes, desbroces...
- Accesos. As modificacións de trazado dos accesos existentes, así como a mellora do firme e construcción de viales de servidume realizaranse utilizando materiais que non supoñan contraste coas gamas cromáticas do terreo.
- Instalacións anexas. Para minimizar o impacto paisaxístico das edificacións que son accesorias aos aeroxeneradores (edificio de control, subestación eléctrica, etc.), empregaranse materiais do entorno no acabado da fachada e respectaranse as tipoloxías e cores típicas das edificacións da zona. Máis aló disto e á espera dos informes urbanísticos propónese un acabado en morteiro monocapa, trasladando la disposición total desta promoción en cuanto a calquera cambio que se considere oportuno ou relativo a esta fachada.

Durante a fase de funcionamento:





- Levaranse a cabo as medidas de restauración en todas as zonas susceptibles de ser recuperadas.

A maiores, o promotor presenta como proposta de medida compensatoria a instalación de paneis informativos que promovan a concienciación medioambiental sobre as enerxías renovables, ubicados cerca de algúns dos puntos de maior afluencia turística, de maneira que poida mellorar a percepción do parque eólico na paisaxe dos visitantes.

5 CONCLUSIÓNS

Revisada a documentación presentada en relación ao Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de Execución do Parque Eólico Serra do Colmo, nos concellos de Becerreá e Baralla (Lugo), en relación co potencial impacto turístico que podería ocasionar, conclúese que, en xeral, o impacto sería de baixa magnitud, tanto na fase de obras coma na fase de funcionamento. Non obstante, deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona:

Non obstante, deberán terse en conta unha serie de consideracións para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona:

1. Os aeroxeradores proxectados sitúanse próximos a varios puntos de interese turístico, en concreto:
 - AEIPs Cruzul-Agüeira e Río Navia
 - Itinerario natural Serra de Liñares (Becerreá-Mosteiro de Penamaior-Becerreá)
 - Itinerario patrimonial Mámoas Ferreirúas (As Ferreirúas-O Cereixal)
 - Igrexa de Santa María de Penamaior
2. Posto que o principal efecto negativo da infraestrutura é a súa afección sobre a paisaxe, o promotor deberá analizar o impacto do parque e establecer medidas específicas para reducir a visibilidade da mesma dende os puntos antes sinalados. A selección destes puntos baséase nos estudos teóricos aportados polo promotor, non obstante, dadas as limitacións da técnica empregada, se unha vez instalados os aeroxeradores se detectasen novas incidencias que afectasen ao interese turístico dalgún enclave, aplicárselle as mesmas medidas que se definen a continuación.
As medidas propostas no EIA son de carácter xeral. O promotor deberá establecer medidas concretas, como a creación de pantallas vexetais con árbores autóctonas naqueles tramos ou puntos de vista nos que a visibilidade das novas infraestruturas resulte especialmente impactante. No deseño destas medidas terase en conta tamén o posible efecto sinérxico con outros parques existentes ou en tramitación, de forma que minimicen o máximo impacto posible.
De detectarse algúun establecemento hoteleiro directamente afectado pola visibilidade do parque eólico, e sempre que a perda de calidade visual estea a supoñer unha diminución do seu atractivo turístico, o promotor deberá propor medidas de





ocultación puntual, como poden ser as pantallas vexetais, que se instalarán sempre que resulten tecnicamente viables e se conte coa aprobación dos propietarios.

No caso de que non resulte viable establecer medidas para eliminar ou reducir o impacto esperado, o promotor definirá medidas compensatorias destinadas ao fomento do turismo sustentable na zona, coma pode ser o establecemento de rutas interpretativas dos valores naturais e etnográficos, rutas megalíticas, a mellora da sinalización dos elementos patrimoniais afectados, ou a promoción de actividades de carácter cultural e deportivo nos concellos afectados.

As medidas serán específicas para os impactos localizados, terán unha afección clara no turismo da zona ou en variables que afectan ao mesmo, e serán coerentes coas establecidas para a protección do patrimonio, da paisaxe e outros valores naturais e patrimoniais do entorno do parque eólico.

3. As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos, e evitando a súa coincidencia con festas e actividades socio-culturais de importancia que se realicen na contorna.

A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto elementos de interese turístico (establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.) de forma que se limite as afeccións debidas a cambios na paisaxe, ruídos, emisións, etc, derivadas destas.

Evitarase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turístico identificados. Nos casos nos que sexa necesario circular nas proximidades dalgún dos elementos sinalados, estableceranse limitacións na velocidade de maquinaria e vehículos e nos horarios de circulación de camións e o número máximo de unidades mobilizadas por hora, evitando a realización de obras ou movementos de maquinaria fose do período diúrno (23h - 07h), en períodos de descanso e fins de semana e festivos, datas nas que é previsible que se produza unha maior demanda de servizos turísticos na zona.

No caso de que as obras afecten directamente a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelos abertos e facilitar o paso seguro aos usuarios das mesmas. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, o corte terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

No caso de que os traballos realizados alterasen o firme, cunetas ou calquera outro elemento dos roteiros afectados, procederase de forma inmediata á súa restauración, recuperando por completo a situación anterior.

4. O promotor deberá incorporar ao Plan de Vixilancia actuacións específicas de supervisión periódica da posible afección da infraestrutura no sector turístico:

- Realizaranse medicións dos niveis acústicos na contorna dos establecementos hoteleiros situados a menos de 2 quilómetros dos aeroxeradores do parque eólico, de localizarse algúns. Estes controis





realizaranse, polo menos, cunha periodicidade trimestral durante os dous primeiros anos de funcionamento do parque eólico e semestral durante o terceiro ano. No caso de que a campaña de medidas mostre valores superiores aos permitidos pola normativa vixente, estableceranse as medidas necesarias para garantir que se cumplan os niveis máximos permitidos.

- Así mesmo, transcorrido un ano dende a posta en marcha do parque eólico, realizarase unha simulación mediante software específico das horas de parpadeo de sombras recibidas nos establecementos hoteleiros situados a menos de 10 veces o diámetro de rotor dos aeroxeradores, de existir algúns. Esta análise levarase a cabo aplicando as horas reais de funcionamento do parque eólico e os datos meteorolóxicos do ano en estudo. Para completar esta análise, simularase tamén o efecto conxunto con outros parques eólicos en funcionamento. De superarse os valores tomados como referencia no documento "Alcance do estudo de impacto ambiental de parques eólicos. Dirección Xeral de Saúde Pública, 2022", 30 horas/ano no "Caso peor" e 8 horas/ano no Escenario "real", estableceranse as medidas correctoras necesarias para evitar molestias aos hóspedes destes establecementos, como pode ser a colocación de pantallas vexetais ou a parada dos aeroxeradores implicados na franxa horaria e época do ano na que se produce este efecto.

Este estudio realizarase unha vez ao ano durante os 3 primeiros anos de funcionamento do parque eólico, de localizarse algún establecemento turístico susceptible de verse afectado polo efecto sombra parpadeante, e sempre que entre en funcionamento un novo parque eólico que poida xerar un efecto sinérxico ou acumulativo co parque eólico.

5. Non obstante ó anterior, estas medidas non será necesario sometelas a novo informe da Axencia de Turismo de Galicia.

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

